

RESOLUCIÓN do 28 de abril de 2025 pola que se convocan os cursos de formación continua para os corpos da Policía Local en Galicia en colaboración co Grupo de Intervención psicolóxica en catástrofes e emerxencias do Colexio oficial de Psicoloxía de Galicia

De acordo co plan de formación aprobado polo Consello Reitor da Agasp con data 19 de febreiro de 2025 e da Resolución do 20 de febreiro de 2025 pola que se publicou o plan de formación continua dos corpos da Policía Local (DOG número 41 do 27/02/2025), convócanse os cursos enumerados a continuación:

Actividade	Comezo	Remate	Horas
Xestión do estres e benestar	13/05/2025	14/05/2025	16
Microexpresión e linguaxe non verbal	19/05/2025	20/05/2025	16
Intervención policial con persoas con trastornos psiquiátricos	12/06/2025	1/06/2025	8
Perfís das persoas maltratadoras	10/06/2025	11/06/2025	16
Aspectos básicos dos trastornos de personalidade	25/06/2025	25/06/2025	8
Abordaxe policial en brotes psicóticos	05/06/2025	05/06/2025	8
Técnicas de comunicación e escalada de conflitos. 1ª edición	14/05/2025	14/05/2025	8
Técnicas de comunicación e escalada de conflitos. 2ª edición.	21/05/2025	21/05/2025	8
Falar en público ante os medios de comunicación	17/06/2025	17/06/2025	6

Todos os cursos convocados nesta Resolución, desenvólvense na modalidade presencial e a asistencia é obrigatoria, e polo tanto non se emitirá certificado de asistencia nin aproveitamento, senón se completaron as clases obrigatorias de cada curso, e se realizaron as tarefas asignadas, en todo caso os cursos convocados nesta





Resolución réxense polas bases publicadas no Anexo II da resolución do 20 de febreiro de 2025 (DOG número 41 do 28 de febreiro de 2025)

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250228/AnuncioO3C2-200225-0001_gl.html

E no establecido na ficha de cada curso, no relativo ao contido, programa, horario e especificidades individuais.

A Estrada 28 de abril de 2025

O director xeral

Santiago Villanueva Álvarez

